

O ecoloxismo secunda a Folga Xeral do 29 de setembro

Ante a convocatoria dunha euromanifestación en Bruxelas contra as políticas de axuste económico e social da Unión Europea, e dunha Folga Xeral en España o día 29 de setembro, as persoas abaixo asinantes, procedentes do movemento ecoloxista e da defensa do medio ambiente, consideramos que estas mobilizacións converten ese día nunha xornada clave na que estarán en xogo elementos básicos do noso modelo social.

Se ben os recortes sociais, a supresión de dereitos laborais, e en definitiva, o retroceso cara a graos maiores de desigualdade son motivos máis que suficientes para convocar unha folga xeral, os temas ambientais non son alleos a esta xornada decisiva.

A Humanidade está a atravesar unha crise moito máis grave que a económica, a crise ambiental. Estamos a superar os límites do planeta no que vivimos, saturamos aire, auga e chan de contaminantes, e malgastamos os recursos básicos enerxéticos e materiais. O cambio climático e a perda acelerada de biodiversidade son signos evidentes do esgotamento da Terra.

A crise ambiental ten moito que ver coa nosa vida, porque a natureza nos garante o alimento a auga limpa o aire os lugares de espaxamento os materiais para as nosas vivendas, gran parte dos medicamentos, etc...

A esta crise ambiental sen precedentes levounos o sistema económico vixente. Este sistema, que agora esixe unha maior liberalización dos mercados e novos recortes sociais, está a ter consecuencias nefastas para o noso medio: o "tsunami" urbanizador, ser o territorio europeo con máis superficie de cultivos transxénicos e quilómetros de autovías, un parque automobilístico en expansión continua, ou un consumo enerxético intensivo que só detén o seu crecemento en momentos de crise. Todo iso implica o incumprimento do Protocolo de Quioto, a deterioración irremisible de bens escasos, como o chan fértil, e problemas como que a metade da poboación respire aire contaminado, a sobre explotación de recursos hídricos, ou que a anchoa, o atún vermello, a pita do monte ou o oso pardo estean en situación crítica.

Esiximos políticas cara á sostibilidade, onde o ambiental e o social teñan o peso que merecen fronte ao económico. Non nos abundan xa os discursos baleiros.

Necesitamos reducir o noso consumo de materia e enerxía para adaptalos, con criterios de xustiza social, aos recursos existentes. Temos que avanzar rapidamente cara a un cambio do mix enerxético baseado en enerxías renovables. Fai falta fomentar un modelo agroalimentario centrado en circuítos curtos e cultivo ecolóxico.

Tamén diminuír a mobilidade motorizada e o número de vehículos. E moitas outras medidas para satisfacer as nosas necesidades con baixas ou nulas emisións de carbono, sen eliminar o resto de seres vivos cos que convivimos e que son básicos para a nosa subsistencia.

Estes cambios han de facerse con políticas públicas que protexan aos traballadores e as traballadoras dos sectores a reestruturar e que impulsen novos depósitos de emprego sostible, de acordo co principio de "transición xusta" compartido polo sindicalismo e o ecoloxismo internacional.

Por todas estas razóns manifestamos a nosa convicción de que non vale calquera forma de saír da crise. Non valen políticas laborais que nos devolvan ao século XIX. Non valen políticas económicas que menosprezen a nosa crítica situación ambiental para dar prioridade a un modelo económico que atende aos intereses dunha minoría e abocan á Humanidade a unha quella sen saída ambiental.

O movemento ecoloxista non pode permanecer á marxe desta problemática e da necesidade de mobilizarse en defensa doutro modelo económico e outras políticas, como o fixo sempre.

Por iso manifestamos o noso apoio á convocatoria de Folga Xeral do 29 de setembro.